

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Fixación de datas de celebración dos procesos selectivos para a creación dunha bolsa de emprego no Concello de Muíños.

De conformidade co expediente de provisión de persoal laboral temporal, das que as bases de selección foron aprobadas por Decreto de Alcadía de data 16 de xaneiro de 2020 e publicado anuncio no B.O.P. nº 16, na páxina Web, no-Taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], en data 21 de xaneiro de 2020.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para o referido proceso selectivo con data 28 de xaneiro de 2020,

Publicadas as listas provisionais de admitidos e excluídos en data 10 de febreiro de 2020, elevadas a definitivas o non producirse alegacións ou reclamacións no prazo establecido, e de acordo co disposto nas citadas bases,

RESOLVO

Primeiro.- A fixación das seguintes datas para a celebración dos distintos procesos selectivos.

1.- Auxiliares de Axuda no fogar

Sinalar o próximo día **20 de febreiro de 2020 ás 9:00 horas para a constitución do Tribunal** de ditas prazas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Muíños.

Sinalar o próximo día **20 febreiro de 2020 ás 9:30 horas para a realización da proba de galego** daqueles aspirantes non exentos e a realización da **entrevista curricular**.



2.-Limpiador/a Instalacións Municipais

Sinalar o próximo día **20 de febreiro de 2020 ás 9:10 horas** para a **constitución do Tribunal** de ditas prazas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Muíños.

Sinalar o próximo día **20 febreiro de 2020 ás 11:00 horas** para a realización da **proba de galego** daqueles aspirantes non exentos e a realización da **entrevista curricular**.

3.-Cociñeiros/as do Servizos de Xantar en Rodas e Comedor escolar

Sinalar o próximo día **20 de febreiro de 2020 ás 9:20 horas** para a **constitución do Tribunal** de ditas prazas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Muíños.

Sinalar o próximo día **20 febreiro de 2020 ás 12:00 horas** para a realización da **proba de galego** daqueles aspirantes non exentos e a realización da **entrevista curricular**.

Segundo.- Os aspirantes deberán comparecer provistos de D.N.I.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución de fixación das datas do proceso selectivo, no tabloleiro de anuncios, na páxina web do Concello (www.concellomuinos.com) e na sede electrónica do concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

En Muíños na data da sinatura electrónica.

O Alcalde.- Plácido Alvarez Dobaño;

O Secretario-Interventor: santiago Mansilla Vázquez.

